

## As regas na parroquia de Coiro (I)

---

A primeira referencia do sistema de regadío nas terras que atravesaba o Bouzós, o maior río de Cangas, data de 1591 por unha demanda do abade contra veciños

Xerardo Dasairas

09-01-22 | Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2022/01/09/as-regas-na-parroquia-coiro-61387498.html>

A día de hoxe, este sistema de regado, que pode ser visto como arqueoloxía xurídica consuetudinaria, aínda permanece recollido e validado polo dereito civil de Galicia ao igual que outros comunitarismos que veñen rexindo a vida do campo desde tempo inmemorial. Aínda que Galicia se sitúa nunha zona húmida e contamos con milleiros de fontes, ríos e regatos, as leiras e os prados e tamén os muiños precisaban de auga ao chegar a época estival.



Río da Fraga. // ARQUIVO AUTOR XERARDO DASAIRAS

Paradoxalmente, esta necesidade de auga no período estival, obrigaba a facer captacións das mesmas e establecer sistemas de regadío específicos mediante a súa contención e acumulación, que logo se repartía polas diferentes parcelas cultivadas da parroquia. Este sistema de regadío foi xeralmente coñecido desde tempos antigos como regas, aínda que noutras partes tamén se denominan birtas, levadas ou madoiras como o nome da fonte da miña aldea, adoptando distintos

sistemas de distribución escasamente complexos como as caldeiras, regos e decurres. As dificultades das regas estaban máis no seu desenvolvemento como sistema comunal, onde as sinxelas estruturas de captación e represado da auga servían a moitos veciños, o que implicaba unha certa complexidade organizativa, baseada no dereito consuetudinario, é dicir, aquel que procede do uso e costume antigos, insertos no dereito civil galego.



Nalgures, para o cambio de turmo usábase a buguina. // ARQUIVO DO AUTOR XERARDO DASAIRAS

En Aldán, no que eran as terras do conde, aínda se conservan restos do que foi un espectacular sistema de rego, quizáis único en Galicia, no que a auga captada dunha mina se transportaba por un acueduto elevado ata as terras altas desde onde se distribuían logo as regas. Máis complexo que este, beneficiado por un único particular, era o uso comunitario das augas para a rega que aínda **podemos constatar en Darbo coa existencia dunha represa no lugar de Riás e noutros ríos como o das Regadas (logo chamado das Saiñas) cuxo nome tamén nos indica a mesma función de regadío**. Sobre este tema existen moitas alusións e referencias pero son escasos os traballos que describan a fondo a organización e os procesos de reparto, podendo citar algúns máis que centenarios dos que nos quedaron referencias antigas como o de Viana do Bolo, as levadas de Arbo ou a Xunta dos Homes Bos de Taboadelo no concello de Ponte Caldelas. Tamén temos referencias do singular sistema de reparto de augas que fan en Felgueiras, perto de Guimarães (Portugal) entre o San Xoan e o 15 de agosto dividindo o día enteiro en seis partes: galo (12 da noite), sol-nado, chouseiro, sesta, tarde e solposto. O curioso é que o fin e o inicio das tandas destas regas faise medindo en pés (establecidos de oito a tres e inversamente pola tarde) a sombra do regante proxectada polo sol e que se considerou de influencia árabe (?).



Val de Coiro na actualidade. // ARQUIVO DO AUTOR XERARDO DASAIRAS

E na parroquia de Coiro, pola que discorre o Bouzós, o maior río do concello, capaz de mover unha trintena de muiños, tamén existiu ata finais dos anos setenta un sistema antigo de regas, cualificado na documentación como inmemorial e do que aínda quedan referencias en topónimos como o do río das Presas (ou de Angueiro), Augalevada (Gholvada) ou Frontal do Lago (presa). O sistema utilizado foi o de presa con levada e **a primeira referencia data do ano 1591 ao se dirimir ante o Justicia Mayor do arcebispo unha demanda interposta por Mateo de Mondragón, abade de Coiro, contra Francisco González e outros veciños**, porque “teniendo una presa antigua de agua que sacava del río de Casierra... para el servicio del lugar y heredades de dho. su beneficio, que llaman iglesario, y estando en posesión inmemorial, desde hacía cinco meses de noche secreta y escondidamente se fueron a la dha. presa y la deshicieron toda ella procurando sacar el agua della”. Como primeira advertencia, o Xuíz arcebispal ordenoulles aos veciños non perturbar ao demandante, avisándoos de cargos contra eles en caso de reincidencia. **O incremento de poboación e de terras de cultivo fixo que se prodigarán encoros cuxas posteriores referencias documentais datan de**



comezos do século XVIII sendo xa máis abondosos os datos a partir do primeiro terzo do século XIX, ao se constituiren os concellos e provincias, ordenando e aprobando os rateos das augas o gobernador e máis o alcalde que nomeaba un rexidor ou rateador na parroquia. Este, xunto con outros veciños, electos como celadores, procedían á distribución da auga en asembleas de regantes celebradas na Fonte Bieita xunto ao Igrexario. Unha R.O. de 29 de abril de 1860 vaille dar contido legal aos repartos e acordos e incluso procede ao nomeamento dos encargados da distribución da auga que agora se van denominar como Xunta Sindical.

### O Rateo

Ao falarmos do rateo ou prorrateo da auga (lat. pro rata) estamos a referirnos a unha antiga figura do dereito común co significado de proporción calculada e tiña como intención primixenia o reparto equitativo da auga e a paliación de conflitos veciñais e interditos que, contodo, foron moi comúns ata os anos setenta. A auga destas levadas adoitaba proceder de fontes ou regatos situados en terreos do común, aínda que estivesen noutra parroquia, pois era a vertente da auga a que determinaba o seu uso e beneficio.

Na práctica do rateo das augas en Galicia non coñecemos ningún tipo de ordenanza legal que a regulamente sendo verbal o proceso de reparto e baseado en normas herdadas. Non hai xurados, nin tribunais populares como en Valencia, senón a penas un encargado de repartir e dirixir as regas co consenso dos veciños pois cada un coñece o dereito de todos e todos o de cada un, aínda que hai quen, por veces, creba o uso.

O encargado do rateo procura que a auga sexa proporcional á superficie sendo este un asunto inherente á parcela regable, ata tal punto que en caso de alleamento ou partición da mesma, tamén se partía a proporción de auga. Na Igures, estipulábase un tempo para a novación do rateo pero de non haber novidades podía chegar ata os vinte anos, imperando sempre o uso, o costume e a tradición nestes aproveitamentos comunais.

O rateo. // ARQUIVO DO AUTOR XERARDO DASAIRAS

O dereito ao usufruto das fontes, arredor de vintecinco na parroquia, minas e ríos e por tanto tamén da rega, xa aparece desde antigo como algo inherente á propiedade dos terreos (herdados, partidos, vendidos...) e vai sempre con el en proporción á superficie dos mesmos. Non sabemos desde cando se exerceu este dereito veciñal pois ata o século XIX as veceiras (rateos) do reparto non constan documentalmente, sendo o rexidor e celadores deste servizo, nomeados pola comunidade, os encargados do mesmo e de resolver os moitos acordos e trasacordos que se producían. Sobre estes pleitos no Antigo Réxime non hai documentación pois os veciños, como en todo Galicia, preferían os arranxos verbais entre eles antes de meterse en custosos pleitos que pouco resolvían, pois os tribunais, ao aplicaren a lexislación castelá, vixente en Galicia, eran menos útiles nestes casos que noutros conflitos. Contodo, os desarranxos na convivencia comunitaria por uso do espazo ou de bens como a auga (regos, muiños...), alcanzaban un 12% de media na Audiencia de Galicia mentres que os referentes aos montes e comunais chegaban ao 25,5% pois afectaban a intereses de maior valor de uso. Tamén é de destacar que os maiores picos de reclamacións e conflictividade veñen coincidir a comezos do século XVII coa introdución do millo e no final do XVIII coa chegada da pataca, aínda que tamén se reproduciron logo coa potenciación e creación das praderías.



Encoro e pedra de peche do buceiro de desaugue | // ARQUIVO DO AUTOR

Os primeiros datos sobre as regas en Coiro veñen enmarcados no estado de depauperación, miseria e ruina que seguiu á ocupación francesa e á conseguinte guerra e descontrol que tamén lle afectaron a este secular sistema comunal de aproveitamento das augas. **Nestas datas, as regas deixaron de contar co sistema de reparto establecido, producíndose abusos no seu uso e distribución que derivaban en enfrontamentos veciñais, mentres os grandes terratenentes se beneficiaban.**

*Sr. Jefe de la Sección de la provincia de Pontevedra  
Deseando remitir a U. E. el convenio que los vecinos de Coiro celebraron con  
el pátroco en 24 de Octubre de mil setecientos veinte y siete, que se sirvió pedir-  
me... solo hallé el primer oficio del señor Don Ventura Díaz, jefe político de  
esta provincia en fecha 2 de Julio de mil ochocientos cuarenta y cuatro...  
Cangas 8 de Julio de 1863*

Antigüidade das regas.

Co novo réxime, Coiro e Tirán van conformar Concello entre 1814 e 1821 polo que sabemos que o sistema de regas, ao menos nestas datas, se practicaba en ambas parroquias e incluso nas veciñas de Moaña e Darbo. Xa que logo e da man dos cregos das dúas parroquias daquel Concello, controlado polo señor da Ameixoadá, elevaríase unha petición ao Tribunal da Audiencia para que ditase provisión sobre o asunto do reparto e poñer así fin aos abusos e conflitos. Mais, a resolución xudicial aínda había tardar bastantes anos e sería efectiva xa cando a parroquia de Coiro levaba seis anos anexada ao Concello de Cangas, feito tamén fundamental no reparto das augas.

(\*) Mestre e historiador de Cangas